

## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA ESCOLA INTERNACIONAL DE DOUTORAMENTO

**Lugar:** sala de xuntas de Posgrao (edificio anexo á Xerencia, 2º andar)

**Data:** 15 de febreiro de 2018

**Hora de comezo:** 11.30 h

**Hora de remate:** 13.30 h

### ASISTENTES

Antonio Pino García (director da Eido), presidente

Xosé María Gómez Clemente (director da Área de Calidade)

Nieves López Prieto (xefa da Área de Novas Titulacións), por delegación do xefe do Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao

Asunción Longo González (responsable de calidade dos PD do ámbito Enxeñaría e Arquitectura)

Paloma Morán Martínez (responsable de calidade dos PD do ámbito Campus do Mar)

Marcos Arias Acuña (secretario académico da Eido), secretario

### XUSTIFICAN A NON ASISTENCIA

Ana Luna Alonso (responsable de calidade dos PD do ámbito Artes e Humanidades)

Yolanda Rodríguez Castro (responsable de calidade dos PD do ámbito Xurídico-Social)

Alicia López Bruzos (representante do estudiantado de doutoramento)

### INVITADOS

José Miguel Dorribo Rivera (técnico superior de calidade da Área de Calidade)

## ORDE DO DÍA

- 1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior
- 2 Informe do presidente
- 3 Informe sobre o deseño do Sistema de Garantía de Calidade
- 4 Aprobación, se procede, do documento relativo aos criterios 2.3 e 3 dos informes de seguimento
- 5 Informe e valoración das enquisas de satisfacción dos estudantes de doutoramento
- 6 Aprobación, se procede, do calendario das enquisas de doutoramento
- 7 Valoración dos informes finais de seguimento do 2017
- 8 Rolda de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### **1 Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior**

Apróbase por asentimento, sen cambios, a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, do día 11.05.2017.

### **2 Informe do presidente**

O director da Eido informa sobre a situación dos programas de calidade:

- Seguimento dos programas de doutoramento (PD) do ano 2018: calendario, situación dos informes e incidencias puntuais.
- Verificación e modificacións dos PD: estado do envío a verificación do programa de doutoramento Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión (Campus Mar. Interuniversitario).
- SGC: véxase o punto seguinte.

### **3 Informe sobre o deseño do Sistema de Garantía de Calidade**

O director da Área de Calidade, comenta o deseño xeral do proxecto de Sistema de Garantía de Calidade (SGC) institucional común para grados, mestrados e doutoramentos. Como antes da renovación da acreditación dos PD, prevista para 2019, é necesario ter un SGC verificado, estase traballando nos procesos da parte central do SGC, mais específica do doutoramento, e adaptaranse logo os outros máis institucionais (máis comúns cos graos e mestrados), tal e como se pode ver no mapa de procesos da Eido. A documentación resultante (manual de calidade e procedementos) enviarase a finais de ano para certificar o seu deseño pola ACSUG.

Nunha segunda fase, cando se deseñe o SGC institucional, o SGC de doutoramento adaptarase a este novo SGC.

O técnico superior de calidade, comenta os detalles. O novo modelo do SGC é unha resposta ao cambio da estrutura da Universidade de Vigo (novos estatutos e nova RPT do PAS). Co cambio pasarase dos 28 sistemas de calidade actuais (un por centro) diferentes a un modelo cun único sistema de calidade que contemple as funcións tanto do persoal dos centros como o do servizos centrais. O primeiro procedemento no que estamos

a traballar é o de "Autorización e defensa da tese". Tras a elaboración dos procedementos específicos, modificaranse os procedementos xerais para adaptalos ao doutoramento. Tras verificalo, seguirase a traballar no deseño do sistema institucional no ano 2019.

O SGC de doutoramento, do mesmo modo que o futuro SGC institucional, xa vai ir integrando conceptos de desenvolvemento sostible e responsabilidade social

A responsable de calidade do ámbito Enxeñaría e Arquitectura (e vicerreitora de Investigación e Transferencia) comenta que no Vicerreitoría de Investigación e Transferencia están a traballar no plan de apoio á investigación integrando os conceptos de desenvolvemento sostible e responsabilidade social, igualdade de xénero e normalización lingüística, e que é preciso traballar para poder relacionalo co SGC institucional. Engade que dispor dun SGC institucional daría resposta a necesidades identificadas en avaliacións externas no eido da investigación en relación con procesos institucionais non definidos hoxe.

Ao fío dos programas de calidade vinculados á investigación, o técnico de calidade propón analizar o programa HRS4R *Estratexia de recursos humanos para o persoal investigador* para identificar aspectos comúns ao SGC de doutoramento.

#### **4 Aprobación, se procede, do documento relativo aos criterios 2.3 e 3 dos informes de seguimento**

O coordinador de calidade da Eido comenta os cambios máis salientables no criterio 2.3. O técnico de calidade comenta os cambios máis salientables no criterio 3, no que engadiuse unha nova ficha sobre as enquisas de satisfacción.

Estes contidos son comúns para os informes de seguimento (IS) de todos os PD no 2018.

Apróbase o documento por asentimento e enviarase aos programas para que o incorporen ao seguimento.

#### **5 Informe e valoración das enquisas de satisfacción dos estudantes de doutoramento**

O técnico de calidade informa dos resultados máis salientables das enquisas do curso 16/17. Na enquisa de primeiro curso, a participación foi do 51%, cun porcentaxe xeral de satisfacción de 3,33 sobre 5 (o ano pasado foi de 3,83), sendo os aspectos mellor valorados os de coordinación, dirección de tese e titorización e a dos recursos, e os peor valorados o do sistemas de bolsas e o de satisfacción coas saídas profesionais. Na enquisa de terceiro, a participación foi do 47%, pero algúns programas tiveron pouca participación, cun porcentaxe xeral de satisfacción de 3,49 sobre 5 (o mesmo do ano pasado), sendo os aspectos mellor valorados os de coordinación, dirección de tese e titorización e a dos recursos, e os peor valorados o do sistemas de bolsas, o de satisfacción coas saídas profesionais e do procedemento das teses.

O resultado das enquisas publicase no portal de transparencia.

A responsable de calidade do ámbito Enxeñaría e Arquitectura informa que a Vicerreitoría de Investigación e Transferencia vai potenciar a información aos estudantes sobre a carreira investigadora, no marco do plan de acción do programa HRS4R.

O director da Eido indica que a EIDO valorará as enquisas e analizará, entre os valoracións máis negativas, a pregunta do sistema de bolsas para ver a que se corresponde o resultado tan negativo do apartado do sistema de bolsas.

## 6 Aprobación, se procede, do calendario das enquisas de doutoramento

O técnico de calidade comenta a proposta de deseño da medición da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido.

A proposta está baseada nos criterios das esixencias legislativas, da homoxeneidade e consistencia das medicións, da optimización de recursos e de evitar a reiteración e o abuso sobre os usuarios/as.

En síntese, este deseño inclúe as seguintes enquisas por grupos de interese máis relevantes:

- Enquisa ao estudiantado de primeiro e terceiro ano no mes de outubro
- Enquisa ao estudiantado xusto despois de presentar a tese, agrupando as respostas por curso académico
- Enquisa aos egresados que se prevé que realice a ACSUG dous anos despois de finalizar
- Enquisa ao profesorado (directores de tese e titores) cada 2 anos no mes de maio, empezando no 2018.
- Enquisa para o PAS en febreiro cada 2 anos, empezando no 2019.
- Quedaría pendente a enquisa para entidades colaboradoras.

Apróbase o calendario das enquisas de doutoramento por asentimento.

## 7 Valoración dos informes finais de seguimento do 2017

O director da Eido comenta que os informes provisionais de avaliación da ACSUG empezaron a chegar en novembro. Dos 9 PD que participaron coordinados pola Universidade de Vigo, 7 foron conformes provisionais. Todos se responderon con accións de mellora e alegacións, agás o PD de Tecnoloxías da información e as comunicacións que non alegou.

Os outros dous PD, coordinados pola USC (Ciencia e Tecnoloxía Química e Estudos Ingleses Avanzados), foron non conforme o primeiro e conforme o segundo. A USC non alegou en ningún caso.

Por temáticas, a maior parte dos programas necesitaron accións de mellora sobre a páxina Web, revisión das liñas de investigación, enquisas de satisfacción e fomento de internacionalización do programa (captación de estudantes internacionais, participación en redes de colaboración, incrementar o número de doutores internacionais...).

Por ámbito, so no ámbito de Ciencias chegaron informes provisionais non conformes (3), dous coordinado pola UVigo (Física Aplicada e Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión) e outro pola USC (Ciencia e Tecnoloxía Química). A Eido alegou o PD Física Aplicada e a ACSUG cambiou o informe final a conforme. O PD de Ciencias mariñas, tecnoloxía e xestión alegou pero o resultado final seguiu sendo non conforme. A USC non alegou o PO de Ciencia e Tecnoloxía Química).

En liñas xerais, a comisión de calidade considera positivos os resultados, dado que era a primeira convocatoria piloto.

## 8 Rolda de intervencións

Non se produciron intervencións.

## ANEXOS

- 1 Mapa de procesos do SGC da Eido.
- 2 Criterios 2.3 e 3 dos informes de seguimento do 2018.
- 3 Informes de resultados da enquisa de satisfacción do estudiantado dos PD (1º ano e 3º ano)
- 4 Deseño da avaliación da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido (2017/18 e 2018/19)

## ACORDOS

- 1 Apróbase a acta anterior, ordinaria, do 11.05.2017.
- 2 Acórdase analizar coa vicerreitora de Investigación e Transferencia os aspectos que son comúns ao programa HRS<sub>4</sub>R e ao SGC de doutoramento.
- 3 Apróbase o documento relativo aos criterios 2.3 e 3 dos informes de seguimento e acórdase enviárllelo aos PD para que o integren nos seus IS.
- 4 Acórdase que a dirección da Eido analice os resultados das enquisas de satisfacción do estudantado (2015/16 e 2016/17) para determinar posibles melloras institucionais.
- 5 Apróbase o deseño da medición da satisfacción dos grupos de interese dos PD da Eido, co obxecto de comezar a implantalo neste 2018.
- 6 Acórdase informar dos aspectos identificados nas avaliacións do seguimento do 2017 para que poidan ser tratados especialmente nos IS do 2018.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretario.

O secretario,



Visto e prace  
O presidente